



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tlf.: 981 886 501
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN TRACTORISTA NO CONCELLO DA BAÑA EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

LUGAR: salón de plenos da casa do concello

DATA: 07 de xullo de 2021

HORA DE COMEZO: 9:30 h

HORA DE REMATE: 11:15 h

ASISTENTES:

Presidenta: Manuela Sofía Abelenda Antelo

Secretario: Fernando Martínez Méndez

Vogais: - Manuel Barbeira Ramos

- José María Vilacoba García

Asesora lingüística: Carmen Pereiro Felípez

Reúnese a comisión para a selección dun/ha tractorista para a Brigada de Obras, de acordo cos criterios establecidos no decreto número 2021/G003/000334 que aproba as bases para a contratación dun tractorista de persoal laboral para a Brigada de Obras durante 9 meses.

De acordo co establecido na base número 4 que establece os criterios de selección das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego Santiago-Norte (oferta 12-2021-4617), na segunda volta foron dúas:

- Esteban García González
- Antonio Blanco Lueiro

Ás 9.30 h, as persoas candidatas realizan a proba práctica no terreo da nave da Brigada de Obras na que Esteban García González acadou unha puntuación de 8 puntos e Antonio Blanco Lueiro, 8 puntos.

Ás 10:30 a Comisión realiza a segunda proba que consiste nunha entrevista sobre as funcións que hai que desenvolver. Nesta proba, Esteban García González consegue 3,5 puntos e Antonio Blanco Lueiro, 3 puntos.

Ás 11.00 horas Antonio Blanco Lueiro realiza a proba de lingua galega equivalente a un Celga 1 na que obtén a cualificación de apto. Esteban García González presenta o certificado que acredita que posúe coñecementos básicos de lingua equivalentes a un Celga 1.

Segundo isto, Esteban García González obtén unha cualificación total de 11,5 puntos e Antonio Blanco Lueiro de 11 puntos.

De acordo con todo o anterior, a Comisión propón contratar como tractorista a Esteban García González.

A presidenta declara rematada a sesión sendo ás 11:45 horas do día 7 de xullo de 2021.